



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ASUNTO: DELEGACIÓN DA COMPETENCIA DA ALCALDÍA PARA A CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL

En cumprimento do preceptuado polo art. 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 496/2024, do 3 de outubro de 2024, sendo esta do seguinte tenor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: DELEGACIÓN DA COMPETENCIA DA ALCALDÍA NO SR CONCELEIRO, D. LUIS MIGUEL FERNÁNDEZ GARCÍA, PARA A CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL

EXPEDIENTE: 2024/X006/000173

Visto “*testimonio del auto*” de data 6 de agosto de 2024 do Consul General de España en Ginebra, (RXE núm. 20240000003532, de data 10/09/2024) relativo á celebración de matrimonio civil entre J.D.L e C.S.M.

Vista a comunicación presentada polos interesados, para que o matrimonio sexa celebrado polo Sr. Concelleiro, D. Luis Miguel Fernández García.

Visto o establecido nos art. 51.2.1º do Código civil e no art. 21.1 s) e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e nos arts. 43.3 e 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de , Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro: Delegar no concelleiro, Sr. Fernández García, a competencia para celebrar o matrimonio civil entre J.D.L. e C.S.M., o vindeiro día 12/10/2024 (sábado), ás 12:30 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Malpica de Bergantiños. Non obstante, se por algunha circunstancia o concelleiro, Sr. Fernández García, non pódese exercer a citada delegación a competencia será exercida/asumida por esta alcaldía, órgano delegante.

Segundo: Notificar a presente ao concelleiro, Sr. Fernández García, surtindo efectos desde o día da súa aceptación con independencia da data da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro: Proceder á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónico do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.
CVD: ttgP63y6sJ/L+vOqs8Sz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Malpica de Bergantiños, a 3 de outubro de 2024

**O alcalde,
Eduardo J. Parga Veiga**